

**COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA – CURSO 2017/2018****RESUMO DA REUNIÓN DO 24/11/2017**

1. Revisouse o resumo da reunión do 10/11/2017. A comisión acordou que, tras a súa revisión, este resumos sexan publicados nun apartado da web da Facultade para que profesorado, alumnado e PAS estean informados dos traballos da comisión.

2. Analizouse a situación do primeiro curso do Grao no que se inclúe a formación básica. Tras un debate acordouse traballar unha estrutura na que se manterían dúas materias de Química, Física, e Matemáticas, unha materia de Bioloxía e Xeoloxía e substituír as dúas materias de Laboratorio Integrado por dúas materias de Laboratorio dedicadas exclusivamente á Química.

En relación con este asunto, a profesora Teresa Pérez expuxo a necesidade de impartir prácticas de laboratorio de Física como complemento dos contidos básicos que son necesarios ao longo de todos os estudos.

A continuación analizáronse as horas presenciais actuais das materias e recordouse a limitación de presencialidade do 35% para o conxunto do Grao que establecen as normas da Universidade. Neste punto houbo acordo na conveniencia de establecer inicialmente as presencialidades das materias e despois dividir as horas presenciais en tipos de docencia en función das necesidades de cada unha das materias, evitando establecer *a priori* que todas as materias teñan que ter o mesmo número de horas dos distintos tipos de docencia presencial.

Neste marco de traballo, e tendo en conta que a docencia no Grao en Química impártese actualmente en 13 semanas por cuatrimestre, considerouse inicialmente adecuado un esquema para a presencialidade das materias de primeiro como o seguinte:

- Química I - II: 26 horas de teoría + 26 horas de seminario
- Laboratorios de Química I - II: 52 horas de prácticas
- Matemáticas I - II: 26 horas de teoría + 26 horas de seminario
- Física I - II: 26 horas de teoría + 26 horas de seminario + 13 prácticas
- Bioloxía / Xeoloxía: 26 horas de teoría + 13 horas de seminario

Con esta estrutura inicial para o primeiro curso do Grao acordouse revisar na seguinte reunión os contidos das distintas materias. Ademais os representantes de Bioloxía e Xeoloxía estudarán a posibilidade de impartir prácticas nesta estrutura.

Para a revisión dos contidos terase presente que na nova Memoria do Grao non é necesario incluír os contidos ao detalle das Guías Docentes, senón que é suficiente establecer epígrafes básicos das materias, o que permitirá unha maior flexibilidade á hora da súa impartición sen necesidade de facer posteriores modificacións na Memoria.

Por último, estableceuse que a próxima reunión terá lugar o venres 1 de decembro.

Ignacio Pérez Juste